

**Convenio colectivo do persoal de limpeza de Amalis, S.A. que presta os seus servizos no Hospital do Meixoeiro de Vigo (Anos 2005/2008)<sup>1</sup>**

Artigo 1º.-Ámbito funcional, persoal e territorial.

Este convenio colectivo será de aplicación ao persoal de limpeza que presta os seus servizos no centro de traballo do Hospital do Meixoeiro de Vigo para a empresa adxudicataria do mencionado servizo e que actualmente é a empresa Amalis, S.A., afectará de igual maneira a todas as empresas que no futuro poidan resultar adxudicatarias deste servizo.

Artigo 2º.-Ámbito temporal.

Este convenio terá unha duración de catro anos. Entrará en vigor o día da sinatura deste, se ben os seus efectos económicos se retrotraen ao día 1 de xaneiro de 2005, sendo a súa duración ata o día 31 de decembro do ano 2008.

Artigo 3º.-Denuncia.

Este convenio entenderase tacitamente prorrogado de ano en ano se ningunha das partes o denunciase cun mes de antelación ao final da súa vixencia ou de calquera das súas prórrogas. O convenio será de aplicación ata que sexa substituído por outro.

Artigo 4º.-Retribucións.

As retribucións correspondentes a cada un dos anos de vixencia deste convenio, que deberán percibir os traballadores afectados por el, aboaranse cos mesmos conceptos e contías que as establecidas para o persoal do Sergas nas categorías da escala de servizo do grupo do persoal subalterno (grupo E), que se regulan no Estatuto de persoal non sanitario ao servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social (soldo base, complemento de destino, complemento específico, produtividade fixa e P.R.D. por quendas), de tal xeito que os incrementos retributivos que se produzan a partir da entrada en vigor deste convenio serán aplicados igualmente aos afectados por este.

No suposto de que o persoal do Sergas antes mencionado reciba algunha contía en concepto de revisión salarial, esta será aboada igualmente ao persoal afectado por este convenio.

Os pagamentos do salario mensual realizaranse o derradeiro día de cada mes.

Artigo 5º.-Equiparación salarial e en xornada.

Os traballadores afectados por este convenio quedan equiparados salarialmente e en xornada ao persoal do Sergas das categorías da escala de servizo do grupo do persoal subalterno (grupo E), que se regulan no Estatuto de persoal non sanitario ao servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social, de tal forma que, a partir desta equiparación, toda mellora que repercuta na mencionada categoría aplicaráselles aos traballadores afectados por este convenio.

En relación coa equiparación salarial e en xornada pactada no parágrafo anterior, páctase expresamente que

se nun futuro desaparecesen as categorías da escala de servizo do grupo do persoal subalterno (grupo E), que se regulan no Estatuto de persoal non sanitario ao servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social ou variase a súa denominación, a equiparación que neste convenio se fai coa dita categoría e polo tanto a referencia que, nos distintos artigos deste convenio, se fai a esta, deberase entender referida a aquela outra categoría ou denominación que veña a substituíla ou comprendela.

---

<sup>1</sup> Publicado no DOG núm. 132, do 11 de xullo de 2005.

No suposto de que, desaparecidas as mencionadas categorías, non exista de forma clara e concreta unha categoría profesional que a substitúa ou comprenda, acudirase á comisión paritaria do convenio para alcanzar un acordo en tal sentido e no caso de non concretarse o acordo no seo deste órgano, acudirase aos procedementos de solución extraxudicial de conflitos previstos no AGA.

Artigo 6º.-Antigüidade.

Por cada tres anos de servizo ininterrompido, os traballadores percibirán en concepto de antigüidade as seguintes contías:

-Todos aqueles trienios que vencesen con anterioridade ao 1-1-1995 quedarán establecidos na cantidade de 22,89 euros/mensuais, manténdose tal contía invariable a partir da dita data.

-Todos os trienios que venzan a partir do 1-1-1995 aboaranse coa mesma contía que no momento do vencemento teña establecido o persoal do Sergas para as categorías que se mencionan no artigo 4º deste convenio (grupo E).

Artigo 7º.-Pagas extraordinarias.

O persoal afectado por este convenio colectivo percibirá dúas pagas extraordinarias, que se denominan de verán de Nadal, na mesma contía que o persoal do Sergas, para as categorías que se citan no artigo 4º deste convenio (grupo E), é dicir, unha mensualidade de salario base, complemento de destino e antigüidade.

As datas que se computan para o devengo das pagas serán as seguintes:

-Paga de verán: do 1 de xullo dun ano ao 30 de xuño do ano seguinte.

Data de pagamento: 15 de xullo.

-Paga de Nadal: do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do mesmo ano.

Data de pagamento: 15 de decembro.

Artigo 8º.-Nocturnidade.

Os traballadores que presten os seus servizos en xornada nocturna, é dicir, entre as dez da noite e as seis da mañá, percibirán en concepto de complemento de nocturnidade a mesma contía que por tal concepto perciba o persoal do Sergas a que se fai referencia no artigo 4º deste convenio (grupo E).

Así mesmo, crearase unha lista para todos aqueles traballadores que queiran suplir algunhas das vacantes que existen ou poidan xurdir na quenda de noite, por baixas e vacacións.

Se se crease algún posto na quenda de noite, este sería cuberto polo traballador con máis antigüidade na nómina.

As persoas que suplan os descansos do persoal de noite, cobrarano por días traballados.

Artigo 9º.-Traballo en domingos e festivos.

O persoal que traballe en domingos e festivos percibirá en concepto de complemento festivo ou complemento de atención continuada modalidade B, a mesma contía e nas mesmas condicións que o persoal do Sergas a que se fai referencia no artigo 4º deste convenio (grupo E).

Artigo 10º.-Xornada laboral.

A xornada laboral ordinaria será de 7 horas diarias por día de traballo, sendo, en cómputo anual, a mesma que en cada momento teña establecida o Sergas (Servizo Galego de Saúde) para as categorías da escala de servizo do grupo do persoal subalterno (grupo E), que se regulan no Estatuto de persoal non sanitario ao servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social.

O calendario dos descansos de persoal para as respectivas quendas realizarase trimestralmente e deberá colocarse nos taboleiros pertinentes, na semana correspondente ao día quince do último

mes do trimestre anterior. No calendario non estarán reflectidos los días denominados moscosos que fosen solicitados.

O descanso semanal do domingo, así como dos festivos regulamentarios anuais, poderá coincidir ou non co día correspondente, sendo neste último caso compensado co descanso en calquera outro día laborable da semana.

Os traballadores con xornada ordinaria disporán de 30 minutos diarios para tomar alimentos, considerándose o dito descanso como traballo efectivo.

Artigo 11º.-Licenzas.

Logo da solicitude dos traballadores afectados, considerarase licenza retribuída polo tempo e nos casos seguintes:

a) Matrimonio do traballador, 18 días naturais no ano 2005, 19 días naturais no ano 2006 e 20 días naturais a partir do ano 2007.

b) Matrimonio de pais, fillos ou parentes que convivan co traballador, 1 día natural.

c) Parto da esposa, 6 días laborables.

d) Falecemento do cónxuxe, 5 días naturais.

Pais, sogros e fillos, 4 días naturais.

Fillos políticos: tres días.

Hospitalización, intervención cirúrxica que leve consigo a convalecencia ou enfermidade grave do cónxuxe, 5 días naturais.

Pais, sogros, fillos e fillos políticos, 3 días naturais.

Falecemento ou enfermidade ou accidente grave ou hospitalización de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, 2 días naturais.

Se entre o traballador e os parentes anteriormente detallados houber convivencia, a licenza será de 5 días naturais. O mesmo ocorrería se o falecemento ou enfermidade grave dos parentes anteriores se producise fóra da cidade onde está situado o domicilio do Hospital do Meixoeiro.

As licenzas por intervención cirúrxica e por hospitalización desta alínea d), poderanse desfrutar á opción do traballador ou no momento do feito causante, ou

cando o familiar obteña a alta médica para irse ao seu domicilio, debendo desfrutarse a licenza integralmente ou nun momento ou noutro, sen que se poida fraccionar o seu desfrute.

e) Falecemento de tío consanguíneo, 1 día natural. Se houber convivencia entre o traballador e o falecido, a licenza será de 2 días naturais.

Falecemento de tío por afinidade, 1 día natural.

f) Traslado de domicilio, 2 días laborables.

g) Os traballadores/as que cursen con regularidade estudos para a obtención dun título oficial, académico e profesional terán dereito a un permiso retribuído de ata seis días ao ano para concorrer a exames, logo da comunicación do traballador á dirección da empresa con quince días de antelación e xustificación correspondente.

As traballadoras, por lactación dun fillo menor dun ano, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, á súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da xornada normal nunha hora coa mesma finalidade.

Os/as traballadores/as que teñan que presentarse a unha citación xudicial, terán dereito a dispor do tempo necesario para asistir a ela.

Igualmente o traballador, solicitándoo coa debida antelación terá dereito a dispor de ata 5 días de licenza e unha vez ao ano, non retribuídos pola empresa.

Nos casos de licenzas referidas a esposo/a ou cónxuxe, igualmente se referirá a compañeiro/a en situación estable, sempre que se acredite a convivencia mediante certificación oficial.

Artigo 12º.-Excedencias.

Todo traballador fixo cunha antigüidade polo menos dun ano na empresa terá dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo non inferior a un mes e non maior de cinco anos.

O traballador excedente, cando a súa categoría se encuentre entre os pertencentes aos grupos de persoal subalterno e obreiro, terá dereito á reserva do seu posto de traballo durante un período máximo de cinco anos. A reincorporación á empresa deberá ser solicitada cun aviso previo de tres meses.

Excepcionalmente, cando a solicitude de excedencia sexa por un tempo máximo de dous a cinco anos, o traballador terá dereito a reintegrarse na empresa en calquera momento durante o prazo do primeiro ano da dita excedencia. En todo caso, o traballador deberá poñer en coñecemento do empresario a súa intención de volver á empresa cunha antelación mínima dun mes. Pasado o primeiro ano do exercicio da excedencia sen que o traballador fixera uso do seu dereito, xa non poderá volver á empresa ata esgotar o período de excedencia solicitada.

Os/as traballadores/as terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a tres anos, para atender o coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza, como por adopción, ou nos supostos de acollemento, tanto permanente como preadoptivo, contado desde a data de nacemento ou, se é o caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Artigo 13º.-Posto de traballo en situación de embarazo.

As mulleres embarazadas terán dereito a que se lles cambie o posto de traballo a outro máis acorde co seu estado. Nesta materia haberá que aterse, en todo caso, ao establecido no R.D.L. 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, así como no R.D. 1251/2001, do 16 de novembro, no que sexa de aplicación nesta materia. En todo caso, respectarase a lexislación vixente en cada momento na materia.

Artigo 14º.-Control médico obrigatorio.

Todo o persoal comprendido neste convenio terá dereito a efectuar dúas revisións médicas anuais por conta da empresa, de acordo co establecido na Lei de prevención de riscos laborais, que inclúa as probas de audiometría, control de vista, análises de sangue, análises de orina, espirometría e exploración clínica. Así mesmo, ás traballadoras realizaránselles as pertinentes probas xinecolóxicas de carácter voluntario.

A campaña de vacinación voluntaria consistirá nas correspondentes probas para a hepatitis B e o tétano.

O/a traballador/a que por calquera causa non desexe someterse aos controis médicos deberá notificalo por escrito.

Artigo 15º.-Roupa de traballo.

Os traballadores serán provistos da seguinte roupa de traballo:

-Persoal feminino:

1 pixama cada seis meses.  
1 par de zocos ou zapatillas cada seis meses.  
1 chaqueta curta cada dous anos.

-Persoal masculino:

1 camisa e pantalón cada seis meses.  
1 par de zapatillas ou zocos cada seis meses.  
1 cazadora ao ano.  
1 roupa de abrigo cada tres anos.

Se cómpre renovar a roupa de abrigo do persoal masculino antes dos tres anos por mor dunha deterioración inusual no uso normal do traballo, o traballador deberá achegar a roupa usada.

Data de entrega: primeira semana de xaneiro e primeira semana de xuño de cada ano.

Ademais do establecido os traballadores serán dotados daqueles elementos de protección persoal que poidan necesitar no desempeño das súas funcións.

Ás traballadoras que, no momento de recibir a roupa de traballo, se encontren en situación de embarazo, deberá serlles entregada unha roupa de acordo co seu estado.

Xestionarase coa dirección do hospital a posibilidade de que a roupa de traballo sexa lavada no propio centro hospitalario. En calquera caso a empresa lavaraa o necesario cun máximo de dúas veces por semana.

Artigo 16º.-Xubilación.

a) Xubilación parcial.

Ao abeiro do establecido no artigo 166 da LXSS e 12.6º do ET, os traballadores que reúnan as condicións exixidas para ter dereito á pensión de xubilación con excepción da idade, que deberá ser inferior a cinco anos, como máximo da exixida, é dicir, 60 anos, poderán acceder á xubilación parcial reducindo a súa xornada de traballo e salario entre un mínimo dun 25% e un máximo dun 85%.

A prestación do 15 % da xornada que corresponda de traballo efectivo poderá realizarse diariamente, semanalmente ou acumularse concentrando os períodos de traballo en meses determinados, logo de acordo coa empresa.

Con independencia do establecido no parágrafo anterior, establécense as seguintes exencións:

a) Con vinte e cinco anos de antigüidade, o traballador quedará exento de traballar o 100 % de xornada de traballo efectivo.

b) Con vinte anos de antigüidade, o traballador quedará exento de traballar o 75% de xornada de traballo efectivo.

c) Con quince anos de antigüidade, o traballador quedará exento de traballar o 50% de xornada de traballo efectivo.

b) Xubilación anticipada.

Os traballadores que cumpran a idade de 64 anos e demais requisitos exixidos poderán acollerse á modalidade de xubilación determinada no R.D. 1194/1985, e para tal efecto a empresa obrígase a contratar simultaneamente no lugar do xubilado a outro traballador, de acordo co establecido no mencionado real decreto.

c) Xubilación forzosa.

Como política de fomento de emprego e independentemente do previsto na alínea anterior, establécese a xubilación obrigatoria á idade de 65 anos, salvo pacto individual dos traballadores que teñen cuberto o período mínimo legal de carencia para obtela.

Artigo 17º.-Complemento de IT, accidente e maternidade.

1. Nos supostos de enfermidade común e accidente laboral, os traballadores percibirán o 100% do salario base, antigüidade, complemento de destino, complemento específico, produtividade fixa, P.R.D. por quendas e complemento de nocturnidade, se é o caso, desde o primeiro día da baixa, mentres continúe a situación de IT e o traballador permaneza de alta na empresa.

As pagas extraordinarias percibiranse completas, en todos os casos de IT.

Para os casos de maternidade haberá que aterse ao establecido na lexislación vixente.

2. Os/as traballadores/as que prestasen servizos no centro de traballo de forma ininterrompida durante todo o ano natural e non estivesen en situación de incapacidade temporal no ano 2005 máis de 15 días, percibirán un complemento de 205 euros.

A partir do ano 2006, para aqueles traballadores que non estivesen en situación de incapacidade temporal máis de 16 días, o complemento pasará a ser de 220 euros.

A partir do ano 2007, para aqueles traballadores que non estivesen en situación de incapacidade temporal máis de 17 días, o complemento pasará a ser de 250 euros.

A partir do ano 2008, para aqueles traballadores que non estivesen en situación de incapacidade temporal máis de 20 días, o complemento pasará a ser de 275 euros.

Artigo 18º.-Adscrición do persoal.

Nesta materia será de aplicación o establecido en cada momento no convenio colectivo provincial de limpeza de edificios e locais de Pontevedra.

Artigo 19º.-Vacacións.

O persoal afectado por este convenio terá dereito ao desfrute dun mes natural de vacacións retribuídas, que se desfrutarán entre os meses de xullo e setembro, ambos os dous incluídos.

As quendas de vacacións serán rotativas.

No suposto de estar en IT no momento de iniciar as vacacións, o traballador terá dereito ao seu desfrute noutro momento, fóra do período vacacional. Así mesmo, en caso de hospitalización do traballador durante o desfrute das súas vacacións, estas interromperanse, podendo o traballador desfrutar os días que estea hospitalizado e coincidan coas súas vacacións, a continuación do seu remate.

Ademais, terá dereito ao mesmo número de días de permiso, dos denominados moscosos, que desfrute o persoal do Sergas das categorías da escala de servizo do grupo do persoal subalterno (grupo E), que se regulan no Estatuto de persoal non sanitario ao servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social e que actualmente están establecidos na contía de 9 días anuais.

Para o desfrute destes días de permiso, denominados moscosos que se regulan na alínea anterior, actuarase da seguinte forma:

a) O traballador/a solicitarao por escrito no documento que para tal efecto confeccione a empresa.

b) O documento estenderase por triplicado, de xeito que unha copia sexa para o traballador/a solicitante, outra para a empresa e outra para o comité, debendo esta contestar no prazo dunha semana.

c) No documento farase constar o nome do traballador/a, a data de solicitude e a data na que se pretende levar a cabo o descanso do día correspondente.

d) Se hai varias peticións para un mesmo día, e non se puidese conceder o descanso a todas, actuarase por antigüidade na petición, e terá preferencia a persoa que o solicitase con anterioridade. No caso de existiren varias peticións coa mesma data e ser imposible o disfrute de todos, sortearase entre os que coincidan na solicitude.

e) En calquera caso e de acordo co establecido no convenio colectivo, para o disfrute destes días de permiso teranse sempre en conta as necesidades do servizo.

Para todos os traballadores/as afectados por este convenio, no aboamento das vacacións incluírase unha gratificación por importe de 140 euros anuais para o ano 2005, que pasará a ser de 160 euros anuais para o ano 2006, 200 euros anuais para o ano 2007 e 220 euros anuais no ano 2008.

#### Artigo 20º.-Dereitos sindicais.

En todo o relacionado con este tema haberá que aterse ao disposto no Estatuto dos traballadores e na LOLS, determinándose que cando un representante legal dos traballadores deba saír da empresa para exercer funcións de representación, deberá comunicalo a esta como mínimo o día anterior, salvo situacións excepcionais que se deberán xustificar. Como xustificante será válido o comprobante dos organismos oficiais ou da central sindical correspondente.

Os compoñentes do comité de empresa terán un crédito de 24 horas mensuais para o exercicio das súas funcións de representación.

As horas sindicais, en cómputo mensual, poderán acumularse nun ou máis membros do comité de empresa. Así mesmo, establécese que calquera membro do comité de empresa ou delegado de persoal poderá ceder todas ou parte das súas horas sindicais en favor do responsable da sección sindical correspondente, logo da comunicación á empresa, sen que iso xere ningún dereito a horas sindicais para tales representantes.

#### Desconto en nómina da cota sindical.

A empresa, logo da correspondente petición por escrito do traballador, descontará da súa nómina a cota sindical, enviando o dito importe á central sindical á que estea afiliado o traballador.

#### Artigo 21º.-Asembleas.

Os traballadores afectados por este convenio disporán de 20 horas ao ano para realizar asembleas, durante a xornada laboral, podendo celebrarse un máximo de dúas asembleas ao mes, debendo comunicar á empresa a súa realización cunha antelación de 48 horas, salvo situacións excepcionais de conflito ou folga, nas que chegará con avisar con 24 horas de antelación.

#### Artigo 22º.-Formación continuada do persoal.

A empresa impartirá como mínimo unha vez ao ano, entre o seu persoal, cursos co fin do perfeccionamento do servizo e, no que cómpre, á reciclaxe e información sobre novas técnicas e medidas de seguridade social e saúde laboral.

#### Artigo 23º.-Comisión paritaria.

As partes asinantes do convenio son, en representación dos traballadores, os compoñentes do comité de empresa que constan na acta final de convenio, representantes do persoal de limpeza que presta os seus servizos no Hospital do Meixoeiro de Vigo, así como os representantes das seccións sindicais de UGT e CC.OO., respectivamente, e por outro lado representación legal da empresa Amalis, S.A.

En aplicación do establecido no artigo 85.2º e) do Estatuto dos traballadores créase unha comisión paritaria de convenio como órgano mixto de interpretación, conciliación e arbitraje, para entender de cantas cuestións lle sexan atribuídas.

A devandita comisión estará integrada por catro membros, dous representantes da empresa e dous representantes dos traballadores. Cada unha das partes poderá valerse dos asesores que considere convenientes, con dereito a voz pero sen voto.

As decisións deberán tomarse por maioría das representacións respectivas, é dicir, por dous representantes da empresa e dous dos traballadores. As decisións que non sexan aprobadas coas maiorías mencionadas carecerán de validez e, por conseguinte, as partes, para solucionar as discrepancias que puideran existir, poderán acudir aos organismos administrativos ou xudiciais correspondentes, así como ás disposicións contidas no AGA para a solución extraxudicial de conflitos laborais.

Artigo 24º.-Mobilidade xeográfica.

A empresa respectaralles aos traballadores adscritos ao centro de traballo Hospital do Meixoeiro a súa permanencia no dito centro, do que non poderán ser trasladados máis que en virtude de acordo entre as partes, por motivo de forza maior, ou por causas alleas á organización da empresa. Neste último suposto, caso de desacordo entre as partes, ou desacordo no período de consultas a que se refire o artigo 40 do Estatuto dos traballadores a diverxencia someterase ás disposicións previstas no Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (Diario Oficial de Galicia do 4 de maio de 1995).

Artigo 25º.-Seguro de accidentes.

A empresa concertará un seguro de accidentes para os seus traballadores que cubra o risco de falecemento ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, por causa de accidente de traballo, por importe de:

-Falecemento e incapacidade permanente total: 12.405 euros.

-Incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez: 15.506 euros.

Artigo 26º.-Comité de seguridade e saúde.

De acordo co establecido na Lei de prevención de riscos laborais, constituirase o comité de seguridade e saúde como órgano paritario para entender das cuestións correspondentes. En concreto, a empresa comprométese a desenvolver o establecido nos artigos 33 ao 40 da LPRL, dada a importancia que teñen estes artigos para a mellora das condicións laborais no centro de traballo.

Artigo 27º.-Asistencia a consultorios médicos.

Todos os traballadores terán dereito a tres horas cada vez que teñan que asistir á consulta do médico de medicina xeral. Cando o médico de medicina xeral que lle corresponda ao traballador tivera o seu consultorio en localidade distinta daquela na que prestan os seus servizos os traballadores, estes disporán do tempo necesario.

O traballador que teña que acudir a un consultorio médico está obrigado a avisar anticipadamente á empresa, debendo xustificar, por outra parte, que foi atendido polo médico de medicina xeral.

Para a súa asistencia á consulta do especialista os traballadores terán dereito a todo o tempo necesario

logo da presentación do volante do médico de medicina xeral. Ademais, terán dereito a un día de asistencia ao especialista fóra da localidade.

Así mesmo, terán dereito a 3 horas para asistir ao consultorio médico con fillos menores de 14 anos ou fillos minusválidos, calquera que sexa a súa idade, cun máximo de tres veces ao mes, sempre que a súa xornada laboral sexa coincidente co horario de consulta médica e co horario de traballo do seu cónxuxe ou compañeiro/a.

Os procesos de rehabilitación non terán a consideración de consulta médica para efectos do dereito regulado anteriormente.

Artigo 28º.-Procedemento sancionador.

Nos casos de faltas graves ou moi graves cometidas por algún traballador/a, a empresa deberá dar audiencia previa a este e ao comité de empresa, antes da imposición da sanción correspondente.

Artigo 29º.-Vacantes e substitucións.

No ano 2005, o cadro de persoal verase incrementado en tres persoas, dúas no momento da sinatura deste convenio -unha limpadora na quenda de mañá e outra limpadora na quenda de noite-, e un limpador con data do 1 de xullo de 2005 na quenda de tarde.

No ano 2008 o cadro de persoal incrementárase nunha persoa máis.

Os/as traballadores/as adscritos á quenda de tarde terán preferencia para cubrir as vacantes da súa mesma categoría profesional, producidas na quenda da mañá, e que a empresa considere necesario cubrir, por vacacións, excedencias, maternidade, novas contratacións e baixas de IT de duración superior a 7 días. Nestes supostos, as persoas que se contraten para cubrir tales vacantes pasarán a prestar os seus servizos na quenda de tarde, independentemente de que o/a traballador/a en situación de IT, maternidade, etc., sexa da quenda da mañá.

Aquelas persoas que teñan dereito a cubrir unha vacante de acordo coa orde de preferencia que establezan de forma conxunta o comité de empresa e a empresa, e non a cubran, pasará automaticamente ao derradeiro lugar da lista de preferencia.

As traballadoras, independentemente da cláusula de rotación que teñan no seu contrato inicial, ao quedaren fixas na empresa, non se lles poderá cambiar de quenda, agás o acordado na alínea primeira.

As persoas que se citan no anexo II deste convenio terán preferencia para cubrir aqueles contratos de traballo, fixos ou de interinidade, de categoría de limpador/a que subscriba a empresa co Hospital do Meixoeiro. Nos casos de interinidade contrataranse os/as traballadores/as de forma rotatoria e, nos casos de contratos fixos, será a empresa quen libremente determine en cada momento as persoas do anexo mencionado que deban ser contratadas.

Os traballadores que veñen ata a data cubrindo baixas, vacacións, etc, serán incluídos na lista mencionada do anexo II; non obstante, as once persoas que ata a data estaban incluídas nesa lista, manterán, como condición máis beneficiosa, a preferencia para cubrir aqueles contratos de traballo, fixos ou de interinidade, de categoría de limpador/a que subscriba a empresa no Hospital

do Meixoeiro. Esta lista quedará aberta para posibles novas incorporacións de traballadores/as unha vez que estes prestasen servizos no centro.

Facúltase a comisión paritaria do convenio para desenvolver con posterioridade á sinatura deste a orde de preferencia, así como as situacións de excepcionalidade que se poidan dar nos contratos de interinidade.

Non se poderán realizar contratos a través de empresas de traballo temporal (ETT) para cubrir vacantes de carácter temporal, nin vacantes definitivas.

Artigo 30º.-Anticipos.

A empresa disporá dun fondo de 6.000 euros e a súa función será estar destinado á concesión de préstamos aos traballadores/as fixos/as que o soliciten. As condicións de concesión dos préstamos serán as seguintes:

1. O límite por préstamo individual será de 600 euros por traballador/a e ano natural.
2. Un mesmo traballador/a non poderá desfrutar de máis dun préstamo por ano natural.
3. O préstamo concedido deberá ser reintegrado á empresa polo traballador, nun período máximo de seis meses, desde a data da concesión.
4. Os préstamos non devengarán ningún xuro.

Cláusulas adicionais

Primeira.-As condicións pactadas neste convenio colectivo forman un todo orgánico e indivisible e para efectos da súa aplicación práctica terán que ser consideradas globalmente, evitando interpretacións parciais.

Segunda.-En todo o non recollido neste convenio colectivo haberá que atermos ao disposto no Estatuto dos traballadores e demais lexislación laboral vixente, con exclusión expresa do convenio provincial de limpeza de edificios e locais de Pontevedra, así como de calquera outro convenio colectivo, excepto o artigo 23 do vixente convenio colectivo provincial de limpeza de edificios e locais.

Terceira.- As condicións pactadas neste convenio aplicaranse nas mesmas condicións ao persoal fixo do cadro e ao persoal contratado, na parte proporcional que corresponda polo tempo que leven na empresa.

ANEXO I

Táboa salarial (1-1-2005 ao 31-12-2005)

Salario base

Encargado: 505,14 A/mes.

Responsable de equipo: 505,14 A/mes.

Especialista: 505,14 A/mes.

Peón especializado: 505,14 A/mes.

Condutor-limpador: 505,14 A/mes.

Limpador/a: 505,14 A/mes.

Peón: 505,14 A/mes.

Complemento de destino: 216,10 A/mes.

Complemento específico: 194,53 A/mes.

Produtividade fixa: 61,95 A/mes.

Segundo os anteriores conceptos, a distribución das retribucións en cómputo anual será a seguinte:

Salario base:  $505,14 \times 14 = 7.071,96$  A/ano.

Compl. destino: 216,10 x 14 = 3.025,40 A/ano.

Compl. específico: 194,53 x 12 = 2.334,36 A/ano.

Produtividade fixa: 61,95 x 12 = 743,40 A/ano.

TOTAL: 13.175,12 A/ano.

Antigüidade: (trienios que venzan a partir do 1-1-1995): 12,38 A/mes x 14 pagas.

Complemento festivo (compl. atención continuada modalidade B): 34,54 A/festivo traballado.

Nocturnidade (compl. atención continuada modalidade a): 264,34 A/mes x 12 pagas.

P.R.D. por quendas (quenda rotatoria simple): 14,57 A/mes x 12 pagas.

(Quenda rotatoria complexa): 29,13 A/mes x 12 pagas.

## ANEXO II

Relación de traballadores/as con preferencia para cubrir vacantes e substitucións.

Crespo Barciela, Olivia.

Santiso Penabella, Isabel.

Alfonso Cabaleiro, Salud.

Hermida Rodríguez, Marcelina.

Carrera Alves, M<sup>a</sup> Jesús.

Monteagudo Martínez, Ana Isabel.

Hermida Rodríguez, Ana M<sup>a</sup>.

Soliño Hermelo, Mercedes.

Blanco Domínguez, Josefa.

Barreiro Vázquez, Amparo.

Cabadas Guisande, Carlos.

## ANEXO III

Relación de traballadores fixos da quenda de tarde con preferencia para cubrir vacantes da quenda de mañá segundo o artigo 29º do convenio colectivo.

<b>Nº DE PREFERENCIA</b>	<b>APELIDOS E NOME</b>
01	VICENTE CORREA MARIA TERESA
02	CASTRO ALVAREZ MARIA CARMEN
03	ARAUJO COLLAZO FRANCISCA
04	ALONSO GOMEZ MARIA BEGOÑA
05	CASAL CARREIRA MARIA JOSE
06	COTO PEREIRO MARIA JESUS
07	LAGO LAGO TERESA
08	FERNANDEZ ALVAREZ CARMEN
09	LUIS ALONSO AMELIA
10	MARTINEZ GIRALDES EMILIA

11	ALVAREZ GONZALEZ SONIA
12	COUÑAGO ALVAREZ MONICA
13	CASAL CARREIRA PILAR
14	IGLESIAS MONTES LUISA
15	FEROS IGLESIAS ROSA MARIA
16	ROMERO VICENTE CARMEN
17	QUEIJA QUEIJA GLORIA
18	RODRIGUEZ LORENZO YOLANDA
19	CAMPOS RODRÍGUEZ ROSA ANA
20	ALVARADO PEREZ ROSA MARIA
21	VISO BANDE BEGOÑA
22	MIGUEZ LORENZO TERESA
23	ALONSO ESPERON CARMEN
24	PIÑON PAZOS MARIA AMPARO
25	RIVERA FERNÁNDEZ EMILIA
26	CASAL LORENZO MARIA DOLORES
27	GOMEZ TEIXEIRA MARIA
28	LARRALDE GONZALEZ BEGOÑA
29	SIO CASTRO CANDIDA
01	GIL HESSELD AHL JORGE
02	LORENZO CABRERA EDUARDO
03	ALONSO DE LA CAMPA HORACIO
04	BLANCO MONTOTO JOSE LUIS

05	LAMEIRO CERDEIRA LUIS ANIBAL
06	GONZALEZ RODRIGUEZ JOSE MANUEL
07	YAÑEZ RODRIGUEZ LUIS
08	GARCIA ALONSO PEDRO
09	GONZALEZ JUNCAL CARLOS
10	COMESAÑA SALGUEIRO VALENTIN

Asistentes:

-Polo comité de empresa:

María Jesús Otero Fontán.

Carmen Fernández Álvarez.

Edelmiro Martínez Troncoso.

Pablo Suárez Iglesias.

M<sup>a</sup> José Martínez Moreno.

-Sección sindical UGT.

Horacio Alonso de la Campa.

Sección sindical CC.OO.

Joaquín Martínez Fernández.

-Asesores sindicais:

José Antonio Pérez Rodríguez UGT.

Francisco Estévez Rodríguez CC.OO.

-Pola empresa:

Reyes García Alonso.

Miguel Garrido Serrano.

Na cidade de Vigo, sendo as 10.30 horas do día 18 de maio de 2005, reúnen as persoas expresadas á marxe, que constitúen a comisión negociadora do convenio colectivo do persoal de limpeza que prestan os seus servizos no Hospital do Meixoeiro de Vigo. Así mesmo, asiste a esta mesa negociadora, para presidir e moderar as reunións Pilar Cancela Rodríguez, en calidade de mediadora do AGA.

Aberta a sesión, unha vez máis, os asistentes recoñécense reciprocamente como interlocutores válidos para a negociación do convenio colectivo, que é obxecto desta reunión, e tras as debidas discusións e deliberacións das propostas e contrapropostas presentadas por unha e outra parte, e de conformidade do establecido no Estatuto dos traballadores así como o acordado na acta de constitución desta comisión negociadora, adóptanse os acordos e as conclusións que unha vez redactados e aprobados constitúen o convenio colectivo obxecto de negociación.

Como consecuencia do anterior e estimándose cumpridos todos os requisitos e trámites legais regulamentarios, os asistentes por unanimidade adoptan os seguintes acordos:

Primeiro.-Aprobar o texto do convenio colectivo do persoal de limpeza do centro de traballo Hospital do Meixoeiro de Vigo; o seu texto foi lido e considerado conforme, sendo asinado por todos os asistentes, dándoo como válido e executivo.

Segundo.-Darlle ao dito convenio o trámite legal, facéndollo chegar coas súas copias correspondentes á autoridade laboral competente para o seu visado e rexistro e ulterior publicación no BOP.

E para que así conste, redáctase esta acta, asinándoa os asistentes en proba de conformidade na cidade e data ao principio expresadas.